

# Falamus!

Voceiro do Equipo de Dinamización da lingua galega  
do conservatorio Profesional de Música Xan Viaño

Ilustración: Sara Gil Vigo



Nº 15

**Faldamur!**

**2024**



# SUMARIO

**6** **A Resistencia**

**Letras Galegas 2023** **8**

**10** **Martín Códax**

A identidade da música galega.

**13** **Música que alimenta**

**Lugar de incendios** **12**

Concertos Solidarios de Nadal.

**16** **Sociedade filarmónica ferrolana**

Promovendo unha alimentación saudable no noso centro.

**Música pola paz** **14**

**20** **Observa acción**

**Come fresco** **18**

O CMUS Xan Viaño e o CMUS Santiago de Compostela.

**24** **II Recital poético**

**Encontro con Ses** **23**

**O trío tenuto** **27**

**30****Concertos didáticos**

Nova participación do Xan Viaño en InnovArt.

**Xan Viaño en InnovArt****33****36****O galego no Xan Viaño****Xan Viaño cos maiores****39****46****Voluntariado na biblioteca escolar****Día internacional da gaita****49****50****As nosas compositoras**

O Xan Viaño camiño da Internacionalización.

Centro Cívico de Caranza.....54

Carvalho Calero.....55

Mi Casa.....57

**Xan Viaño internacional****52****58****Equipo de actividades**

Instrumentos da antigüidade debuxados nas Aventuras de Astérix o Galo.

**Instrumentos nas Bandas de Astérix****60****62****Peque Coro con moito amor****Xornada do día das Letras Galegas 2024****65**

# A Resistencia

Un ano máis o Equipo de Dinamización da Lingua do Xan Viaño resiste e mantén a súa loita incansable pola nosa música, pola nosa cultura e a nosa lingua.

Chega así o número 15 da revista Falamus, voceiro deste Equipo de dinamización da lingua galega e de todo o Xan Viaño.

Como sempre, para chegar a publicar esta revista temos infindos agradecementos, comezando polo Ciclo Superior de Deseño e Edición de Publicacións Impresas e Multimedia do CIPF Leixa, especialmente á profesora María Salas, continuando por todo o claustro do Xan Viaño e en definitiva toda a nosa comunidade educativa.

O equipazo deste curso estivo formado por: Ale, Aldara, Alma, André, Anxo, Edorta, Isa, Javi, Joe, Manolo, Pablo e Pedro. Especialmente queremos destacar o labor do noso alumnado, que cos tempos que corren para a nosa lingua, son todo un símbolo de valentía e compromiso e o verdadeiro futuro para a nosa lingua.

Grazas André, Anxo, Aldara e Isa!









# Letras Galegas 2023

Por razóns de edición e maquetación da revista, un dos días máis lindos e significativos para o EDLG sempre queda fóra da nosa revista. Así que este curso, aínda que sexa con moita demora, decidimos publicar algunhas imaxes do II Concerto das nosas letras coas nosas músicas do curso pasado. Din que unha imaxe vale máis que mil palabras, así que aquí vos deixamos moito máis que mil palabras!









# Martín Códax

A identidade da música galega

Este curso o EDLG presentou un novo proxecto que nomeamos A música da nosa poesía. Nesta viaxe que iniciamos na procura de afondar máis na relación existente entre estas dúas artes, partimos da figura do trovador Martín Códax. Navegamos pola historia da nosa música, a través da idea de cantiga, que abrangue texto e música como algo indisoluble.

Juan Durán achegounos coas súas palabras a Martín Codax, para despois escoitar unha versión para canto e piano das sete cantigas de Martín Codax de Margarita Soto, interpretada pola propia compositora ao piano xunto á voz de María José Ladra.

Puidemos coñecer a relación existente entre as cantigas e a obra dos autores do noso Rexurdimento musical, escoitando a obra de Marcial del Adalid, de Juan Montes, de Chané e de Baldomir xunto á poesía de Curros e Rosalía.

Tivemos tamén a grandísima sorte de que a Real Academia Galega de Belas Artes cedeunos unha exposición sobre esta temática da que puidemos desfrutar na entrada do noso centro durante uns días.










# Lugar de incendios

Música e poesía estiveron moi presentes este curso, neste caso da man do noso profesor de linguaxe musical Serxio Moreira, que nos presentou o libro Lugar de incendios, a posta en papel dun dos seus espectáculos poéticos-musicais xunto a Paco Souto.

Esta marabillosa recompilación de poesías ía acompañada dunha exposición de cadros do propio Paco Souto, segundo nos explicou Serxio. Tivemos a grandísima sorte de coñecer todo o proceso creativo deste proxecto, a súa faceta artística e humana e desfrutar con todos os sentidos dunha experiencia diferente.

Grazas Serxio!



Concertos solidarios de Nadal

# Música que alimenta

No pasado mes de decembro de 2023, o noso centro escolar viviu un evento memorable que combinou a música coa solidariedade nunha iniciativa que encheu de orgullo a toda a nosa comunidade educativa. Os concertos das grandes agrupacións do centro foron máis que unha simple exhibición de talento musical; foron unha oportunidade para colaborar coa Cociña Económica de Ferrol a través da recollida voluntaria de alimentos.

O primeiro dos concertos, celebrado o venres 15 de decembro, contou coa actuación do Coro de G.P. e a Orquestra de G.P. O martes 19 de decembro, foi o momento da Banda de 1º e 2º de G.P. Para pechar esta serie de concertos solidarios, o xoves 21 de decembro, a Peque Orquestra e a Banda de 3º a 6º de G.P. ofreceron a súa actuación.

O obxectivo destes concertos non era só ofrecer unha experiencia musical excepcional, senón tamén fomentar valores como a solidariedade, o respecto, a amizade e a igualdade entre os nosos alumnos. A través da música e da colaboración voluntaria na recollida de alimentos, os nosos estudantes aprenderon a importancia de axudar aos demais e a responsabilidade de facelo.

Durante estes días música encheu o noso salón de actos, mentres que ao mesmo tempo, os asistentes participaron activamente na axuda aos máis desfavorecidos.

Agradecemos a participación e a colaboración de todos os que fixeron posible esta maravillosa iniciativa, e esperamos poder continuar apoiando á Cociña Económica de Ferrol e a outras entidades da Comarca no futuro.



# Música pola Paz

## Día Escolar da Non Violencia e a Paz

O 30 de xaneiro, en conmemoración do aniversario da morte de Mahatma Gandhi, celébrase o Día Escolar da Non Violencia e a Paz. Para festexar esta data tan importante no noso centro celebrouse a semana de “Recitais Polo Día da Paz” e colocáronse carteis con citas inspiradoras de Gandhi, destacando a súa filosofía de paz e resistencia non violenta.

Para a elaboración dos carteis elixíronse cinco citas representativas de Gandhi que destacan a importancia de cultivar a paz desde dentro, de buscar a satisfacción no esforzo e non só no logro, e de afrontar os conflitos con comprensión e empatía en lugar de violencia.

En canto aos recitais, a semana comezou coa animada actuación da Peque Banda o luns 29 de xaneiro, seguida polo concerto de solistas e pequenas agrupacións o mércores 31 de xaneiro, onde se compartiron poemas e relatos resaltando os valores da paz e da convivencia. Culminou a serie de concertos coa vibrante actuación do Peque Coro e Peque Coro in crescendo o venres 2 de febreiro, que nunca falta a esta cita dende que se celebra no Xan Viaño. A asistencia a estes eventos foi notable, cunha gran participación. A atmosfera de solidariedade e respecto encheu o auditorio, fortalecendo os lazos dentro da nosa comunidade e reafirmando o noso compromiso coa construción dun mundo máis pacífico.

O equipo de convivencia, organizador como cada curso deste evento, quere dar as grazas a todo o alumnado e profesorado participante por facer posible estes minutos de música dedicados á paz e por defender unha educación en valores, tan necesaria nestes tempos que vivimos.







Moitas Gracias!

# Sociedade filarmónica ferrolana

A Sociedade Filarmónica Ferrolana ofrece ao alumnado do Xan Viaño a posibilidade de asistir aos concertos da súa programación de xeito gratuito. Grandísimos concertos que son unha oportunidade de ouro para todas e todos. Deixámosvos unha foto do alumnado e profesorado de clarinete xusto no concerto onde se celebrou o 75 aniversario da Sociedade Filarmónica Ferrolana.

Por outros 75 anos máis de música!





Sociedade filarmónica ferrolana



# Come fresco, mantente con saúde

Promovendo unha alimentación saludable no noso centro

Nun esforzo por fomentar hábitos alimenticios saudables e accesibles, o noso centro puxo en marcha unha nova iniciativa. Durante a semana do 12 ao 18 de marzo de 2024 colocouse un froiteiro no recibidor, ofrecendo unha alternativa de merenda saudable e de balde para a comunidade educativa.

Esta actividade, deseñada co obxectivo principal de promover unha alimentación equilibrada entre os estudantes, foi recibida con entusiasmo e apoio por parte da comunidade educativa. Durante a semana, recompiláronse diversas opinións e comentarios que reflicten a positividade e o impacto desta iniciativa no benestar e os hábitos alimenticios dos participantes.

Unha das opinións máis destacadas foi o recoñecemento do fomento de hábitos saudables e a accesibilidade á froita. Os usuarios expresaron o seu apoio á promoción do consumo de froita fresca, suxerindo incluso a inclusión da mesma nas máquinas expendedoras e a redución de alimentos procesados. Ademais, destacou a importancia de promocionar hábitos saudables no conservatorio, mostrando un interese xenuíno en manter esta actividade no tempo.





O agradecemento e apoio á iniciativa tamén foron aspectos prominentes nas opinións recompiladas. Os participantes expresaron a súa gratitude pola oportunidade de gozar de froita fresca de balde, valorando especialmente a súa dispoñibilidade e accesibilidade. Esta experiencia non só foi valorada polo seu impacto en promover a saúde e o benestar, senón tamén pola súa contribución para crear un ambiente escolar máis saudable e consciente, fomentando a socialización e o gozo do momento compartido entre os participantes.

A pesar da positividade xeral, tamén se propuxeron suxestións de mellora, como a inclusión de máis variedade de froitas e o aumento da frecuencia da actividade. Estas suxestións demostran o compromiso da comunidade educativa coa promoción da saúde e benestar, así como a súa disposición a contribuír activamente na mellora continua da iniciativa.

Máis alá de promover unha alimentación saudable, esta actividade fortaleceu o sentido de comunidade, fomentou hábitos saudables e xerou un impacto positivo no benestar e calidade de vida dos participantes. Estamos na procura de opcións sostibles para poder repetir a experiencia.



# Observa Acción

O CMUS Xan Viaño e o CMUS Santiago de Compostela

Este curso o Xan Viaño participou no programa Observa\_Acción que ofrece a Consellería de Educación, e que ten como obxectivo mellorar a calidade educativa nos centros escolares de Galicia a través da observación e a reflexión crítica, da cooperación e colaboración, e da construción conxunta de coñecemento e o liderado e xestión de centros, a través do intercambio de boas prácticas e a observación entre iguais.

Na primeira fase, Etapa Comparte, profesorado do Xan Viaño visitou as clases doutros compañeiros do centro o que supuxo unha experiencia moi positiva tanto para o profesorado observador como para o observado.

Na segunda fase, Etapa Acolle, estivemos emparellados co CMUS de Santiago, pois éramos os dous únicos conservatorios de Galicia no proxecto, e a experiencia foi marabillosa. Puidemos coñecer o funcionamento do outro centro, coñecer as súas instalacións, o seu profesorado... Entendimos que moitas veces temos os mesmos problemas e preocupacións, e tamén tomamos nota de novas ideas e iniciativas para aplicar no noso centro. Cabe destacar a moi boa convivencia entre o profesorado dos dous conservatorios nesas dúas xornadas, aprendendo e reflexionando sobre a práctica docente e funcionamento dos centros, sempre dende un punto de vista construtivo.

Sen dúbida a participación neste proxecto Observa\_Acción foi un descubrimento e unha oportunidade única para aprender entre iguais, que se converteu nunha revolución didáctica e formativa moi positiva entre todo o noso profesorado participante.

Moitas grazas ao CFR de Ferrol por animarnos a participar neste proxecto e ao CMUS de Santiago de Compostela por compartir con nós esta experiencia educativa tan motivadora.









# Encontro con Sés

Nun día moi sinalado para o EDLG, o 23 de febreiro, Día de Rosalía, tivemos unha xornada moi especial. Compartimos tempo e palabras cunha das artistas máis destacadas do panorama actual, Sés.

A través das interesantes preguntas do noso alumando de sexto de grao profesional, moderados por Sofía Oriana Infante, puidemos coñecer máis de cerca aspectos literarios e musicais da súa obra e ata o lado máis humano, comprometido e loitador que poucas veces podemos atinxir.

Dende o EDLG queremos agradecer a Sofía a proposta de incluír nas nosas actividades deste curso este encontro, xa que sen dúbida foi un éxito e o noso auditorio encheuse para escoitar a esta muller que alén das súas música e letras innovadoras é todo un símbolo de loita pola nosa lingua.





# II Recital poético

No Xan Viaño

O 6 de marzo, coincidindo cos 20 anos do pasamento de Luisa Villalta celebramos como pequena homenaxe o noso II Recital poético, como non podería ser doutra maneira, fundindo música e poesía, neste caso a súa poesía.

O EDLG presentou este ano o proxecto A música da nosa poesía. Un proxecto que ven de anos atrás mais a dedicatoria este ano do Día das Letras Galegas á figura de Luisa Villalta deunos aínda máis forzas para seguir traballando relacionando ambas artes, xa que se alguén pode representar a inseparable relación entre música e poesía, esa foi Luisa Villalta.

Grazas á escolma de poemas de Luisa Villalta que nos presentou a profesora do Carvalho Calero, Lorena Calaza, ao recitado do grupo de teatro do Carvalho Calero Tixuca e as composicións e interpretacións do noso alumnado de piano complementario puidemos desfrutar dunha experiencia única e emocionante.

A emoción foi aínda maior xa que tivemos a grandísima sorte de que a nosa querida profesora de violín Iria Rico, antiga alumna de Luisa Villalta e tivo a xenerosidade de compartir connosco o lado máis humano e persoal de Luisa Villalta.


Grazas Iria, grazas Tixuca e moita música e poesía para todas e todos!



# II RECITAL POÉTICO DEDICADO A LUÍSA VILLALTA

ALUMNOS DO IES CARVALHO CALERO E DO CMUS XAN VIAÑO

MÉRCORES 6 DE MARZO ÁS 10.00 E 17.00 NO AUDITORIO DO CMUS XAN VIAÑO







# O Trío Tenuto

Unha tarde de venres, Jaime, Antía e Jacobo decidiron aproveitar unha pausa entre clases para tocar algo xuntos, e aí estivo o xerme do Trío Tenuto, xa que a maxia xurdiu inmediatamente entre eles tres. Jaime toca moi ben, Antía toca moi ben e Jacobo tamén, mais ás veces non chega para que a música agrome, mais neste caso foi algo natural, algo había que lles levou a continuar.

Tempo despois en canto xurdiu a oportunidade de participar na VIII Mostra do Eixo Atlántico non o dubidaron e puxéronse a estudar e ensaiar case sen descanso. Traballíño, traballíño e traballíño e só lles faltaba un nome de grupo, que pronto atoparon, ben sonoro e que tivo unha fonda pegada no noso centro.

O 9 de abril o Trío Tenuto facía a súa presentación no auditorio do noso centro, cun recital que foi acollido cun grandísimo apoio e ilusión. Emocionante ver aos seus compañeiros e compañeiras do conservatorio e ata do instituto aplaudíndolles!

O 13 de abril o Trío Tenuto partiu para Barcelos e cunha vibrante interpretación conseguiron clasificarse para a fase final da Mostra do Eixo Atlántico. Xa o domingo 14 de abril, na gala de entrega de premios na que foi homenaxeado o músico galego Joam Trillo, chegaba unha das noticias máis lindas deste curso: o Trío Tenuto proclamábase gañador na categoría de música de cámara da VIII Mostra do Eixo Atlántico.

Dende o EDLG queremos congratular ao Trío Tenuto e sobre todo desexámoslle que poidan continuar aprendendo e facendo música xuntos que sen dúbida é o mellor premio do mundo.

Longa vida ao Trío Tenuto!



Confusión antes do primeiro concerto







Fase final

# Concertos Didácticos

No CMUS Xan Viaño

Este curso o conservatorio ofreceu unha ampla variedade de concertos didácticos para escolares, coa finalidade de promocionar as nosas ensinanzas musicais entre os nenos e nenas de Ferrol e comarca.

O primeiro deles, “Alma quere unha tuba” tivo lugar o 21 de marzo e foi todo un éxito de convocatoria entre os coles. Neste concerto a gran protagonista foi a tuba, primeiro co conto de Ana María Alfonso e música de David Rivas, e logo con máis música de diferentes estilos para tuba e bombardino, interpretada por Lolo Martínez (profesor de tuba), Julián Rodríguez (alumno de bombardino) e Alexandra Pita (profesora de piano).

O mércores 10 de abril foi a quenda dos Concertos Didácticos da Peque Banda, nos que puidemos coñecer os diferentes instrumentos de vento madeira, vento metal e percusión. Os nenos e nenas do público bailaron, cantaron e sentiron a forza da Peque Banda, dirixida por David Sanmartín e Mariola Gil, que ademais fixo de presentadora de toda a actuación.

O xoves 11 de abril, a Peque Orquestra ofreceu tamén dous concertos nos que o público aprendeu un montón de cousas sobre os instrumentos de corda fretada. Baixo as indicacións da súa directora a profe de violín, Isabel Sanjuán, os nenos e nenas escoitaron moita música ademais de cantar, facer ritmos e xogos, pasándoo todos e todas xenial!


Parabéns ao profesorado destes maravillosos concertos didácticos e a todo o alumnado participante nestas xornadas tan fermosas, que compartimos con 782 nenos e nenas dos coles CEIP Maciñeira, CPR Jorge Juan, CEIP Belén, CEIP Ponzos, CEIP Virxe do Mar, CEIP Ponte de Xubia, CPI Castro Baxoi, CEIP Jesús Maestro, CEIP Piñeiros, CEIP Cruceiro de Canido, CEIP San Sadurniño, CEIP O Ramo, CEIP Leticia e CEIP Isaac Peral.

Esperamos que moitos destes nenos e nenas que asistiron a estes concertos, formen parte o curso que ven do CMUS Xan Viaño de Ferrol.









# Nova participación do Xan Viaño en InnovArt

O pasado 18 e 19 de abril, celebrouse *InnovArt'24: artísticas, idiomas e deportivas* na Cidade da Cultura de Galicia, organizada pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Trátase dun evento que presenta as ensinanzas artísticas, as ensinanzas de idiomas e as ensinanzas deportivas que se imparten en Galicia, e á que asisten centros escolares de toda Galicia, así como público en xeral.

Nesta segunda edición, quixemos estar presentes nas dúas xornadas, con diferentes agrupacións do noso centro. O xoves, foi a quenda da Banda de 3º a 6º GP, dirixida polos profesores Marcos Galán e Francisco San Ramón, que ofreceu un concerto de música galega. Ese día tamén actuou o grupo de violas de GE acompañados pola súa profesora Inés Picado, así como tamén un quinteto de vento madeira, acompañado polo seu profesor de conxunto, Javier Alama.

Na segunda xornada participou a Orquestra de GP do conservatorio, dirixida polos profesores Jose Folgueiras e Enrique Agrelo. O alumnado de guitarra do conservatorio, acompañado polas súas profesoras Ana Yáñez, Águeda Gutiérrez e Mónica Pita, actuou nunha gran agrupación, tocando en conxunto coas guitarras dos conservatorios de Coruña e Lugo, ofrecendo un espectáculo único! O cuarteto de metais do conservatorio, formado por dous trombóns e dous bombardinos, tamén participou nesta xornada do venres, interpretando varios temas moi coñecidos.

Moitas grazas ao alumnado e profesorado participante nestas xornadas cheas de moita música, arte, traballo en equipo, convivencia e amizade.











# O Galego no Xan Viaño

A comezos do curso 2023/24 desde o **Equipo de Dinamización da Lingua Galega**, decidimos solicitar a colaboración do profesorado das materias grupais para poder realizar unha breve, concisa e precisa enquisa que recollese dun xeito o máis “real” posible o estado do galego entre o alumnado e seu uso.

Temos que comezar agradecendo ao dito profesorado, pois grazas á súa colaboración, fumos quen de recompilar 217 enquisas, para un total de 382 persoas matriculadas no curso 2023/24 no noso centro.

As idades do alumnado participante abranguíu a franxa de idade dos 8 aos 22 anos, sendo os grupos de 12-13 anos e 15-16 anos os que tiveron unha participación maior.

Como podemos ver na **gráfica 1** correspondente á cuestión “En que lingua aprendiches a falar?”, a porcentaxe de alumnado que aprendeu a falar en castelán é de máis ou menos a metade do que aprendeu a falar en galego ou nas dúas línguas.

Pasando á **gráfica 2**, observamos que a pesar de que só a metade do alumnado aprendeu a falar exclusivamente en castelán, no momento actual tan só 23 fronte a 192 persoas usan o galego por igual ou maioritariamente fronte o castelán. Destacando o uso do galego unicamente cos avós.

Na **gráfica 3**, na que se pregunta pola “lingua usada no conservatorio”, vemos como a pesar de que 118 persoas usan o castelán para falar no conservatorio, 55 persoas falan na lingua na que lles fala o profesorado (tema que trataremos máis polo miúdo máis adiante).



Como última **gráfica**, temos a que se refire aos “momentos do uso ou recepción do galego”, tendo como resultado o esperado dun uso maioritariamente falimiar (sobre todo como xa comentamos cós avós), e un uso principal nos centros educativos obrigatorios, pois neses centros a lei impón un uso, mínimo, de certas materias en galego.

Desde o **Edlg**, gustaríanos comentar, que a pesar do pouco uso do galego no noso centro, o alumnado ten unha predisposición mi boa, unha actitude moi positiva cara ao galego, pois como resultado da “importancia que ten o uso do galego”, danos unha media de 7,55.

Vendo os comentarios que se recollen na pregunta 8 para “motivar á xente a un maior uso do galego no conservatorio”, o alumnado realmente convida a que se use máis o galego, que se fale, que se impartan máis clases en galego (que o profesorado o utilice máis), que se poña en valor, que haxa máis actividades e material educativo en galego.


Desde a nosa parcela como **Edlg**, tamén temos que facer unha pequena autocrítica, pois polo amosado nas enquisas, o Equipo de dinamización da lingua galega é descoñecido para unha gran parte do alumnado e mesmo parte do que coñece a súa existencia cre que ten pouca visibilización, polo que o noso traballo futuro terá que ir enfocado a unha maior visibilización, que haxa un maior coñecemento do moito traballo que se fai a prol do galego, e sobre todo que entre toda a comunidade educativa consigamos que o uso do galego se vaia extendendo por todo o Xan Viaño e polo resto das nosas vidas.

## FALEMOS GALEGO!!






### 3. En que lingua falas habitualmente con...



### 4. En que momentos usas ou recibes o galego?



# Xan Viaño cos nosos queridos maiores


Tocar en centros de maiores sempre supón para nós unha experiencia marabillosa, tanto para o profesorado como para o alumnado participante. Únese a beleza da música cos valores que queremos transmitir ás novas xeracións, cobrando todo un sentido dobremente especial que vai moito máis aló do musical. Non importa non tocar nun escenario, nin tocar nun piano de verdade, nin nunha sala con boa acústica... o máis bonito é facer que ese día sexa un pouco máis especial para os nosos queridos maiores, e compartir con eles a nosa música. Escoltalos cantar, velos aplaudir ou mesmo bailar ao son da nosa música... é algo que non ten prezo e que é difícil de esquecer.

Este ano o Xan Viaño foi máis solidario que nunca, e realizou moitos concertos ao longo do curso en residencias e centros de maiores de Ferrol e Narón, organizados polo Equipo de convivencia e benestar e o Departamento de Música de Cámara e Conxunto. Comezamos a nosa xira de concertos solidarios polo Nadal, os días 19 e 20 de decembro visitando a Residencia DomusVi de Ferrol e o Centro de Día de Esteiro. O 13 de marzo desprazámonos ata o CAMF (Centro de Atención a persoas con discapacidade física do Imsero en Ferrol) e o día 20, ata a residencia de maiores DomusVi de Narón. Pechamos as nosas visitas solidarias o 10 de abril, cun recital na Residencia de Maiores Mi Casa de Ferrol.


Moitísimas grazas a todo o alumnado e profesorado participante, grazas pola súa gran implicación nestes concertos solidarios tan necesarios e tan gratificantes.

Grazas por suposto aos centros de maiores, por acollernos sempre con tanto cariño e por convidarnos a volver ano tras ano a súa casa. Para o CMUS Xan Viaño este é un proxecto moi importante que non pode faltar na educación do noso alumnado, polo que estaremos sempre encantados e encantadas de compartir a nosa música cos nosos queridos maiores.


























Xan Viaño cos nosos queridos maiores











# Voluntariado na biblioteca escolar



Noa e Marcos, voluntarios na biblioteca durante o curso 2023-2024

Durante este curso o noso conservatorio participou por primeira vez no programa BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS. Este programa está integrado no PLAN LÍA (Lectura, Información e Aprendizaxe) de bibliotecas escolares, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e ten como obxectivo estimular o voluntariado cultural en relación coas bibliotecas e a lectura.

Esta iniciativa pretende favorecer a formación de actitudes de colaboración e de solidariedade entre o alumnado, e no noso caso materialízase en actividades de colaboración relacionadas coa biblioteca escolar e organizadas por ela.

Este curso os voluntarios foron Marcos Amado e Noa Nistal, alumnos de 3º e 4º de grao elemental de piano respectivamente, e a biblioteca entrevistoulles para coñecer que tal foi a súa experiencia.



• **Biblioteca (B):** Ola Marcos e Noa, moitas grazas por participar nesta pequena entrevista para a revista Falamus do conservatorio. Gustaríanos saber como xurdiu a idea de ser voluntarios na biblioteca.

• Marcos (M): eu estaba esperando na biblioteca a que viñera a miña profesora de piano a recollerme, porque había ido un momento á aula de profesores, e vin un folleto con información sobre diferentes cousas da biblioteca. Lin “voluntariado”, preguntei ao profesor de garda en biblioteca e díxome que falara coa responsable. E aquí estou.

• **B: e ti Noa?**

• Noa (N): pois eu cando vin a Marcos un día na biblioteca axudando, contoume que era voluntario e animeime a axudalo. Logo xa contactei coa responsable para poder ser voluntaria tamén.

• **B: en que consistiu o voso voluntariado? En que estiveses traballando?**

• M: basicamente este curso estivemos renovando etiquetas e tamén fixemos un pouco de catalogación, aproveitando que había que actualizar os campos das etiquetas no programa.

• N: si, e tamén fixemos préstamos e devolucións, e eu fixen un carné de usuario.

• **B: ademais do traballo técnico e aprender cuestións básicas sobre a organización e xestión da biblioteca, aportastes ideas para unha pequena exposición. Houbo algunha tarefa ou traballo que vos resultara máis difícil que o resto?**

• M: bo, a min non é que me resultara difícil mais resultoume un pouco cansado o de cambiar as etiquetas con fixo.

• **B: si, pode ser algo monótono e ademais hai que ser moi coidadoso...**

• M: si...

• N: a min ningunha tarefa pareceume difícil... quizás ao principio buscar no ordenador a xanela para a xestión e catalogación e logo meter os datos. Mais creo que só se necesita un pouco de práctica.



• **B: hai algunha tarefa que vos gustaría facer nun futuro?**

• N: a min gustaríame que cando foran as “merendas na biblio” axudar ao profesor de garda, por exemplo co reprodutor de vídeo.

• M: a min gustaríame que cando haxa “visitas guiadas” ou algunha exposición, expoñer e ser guía na biblioteca.

• N: si, a min tamén. Explicarlles aos alumnos novos como funciona a biblioteca ou axudar ao profesor de garda.

• **B: que saibades que a biblioteca estaría encantada de que os voluntarios participedes nesas actividades e queda anotado para o curso que ven. Que foi o que máis vos gustou da experiencia? Repetiríadela e/ou recomendaríadela aos compañeiros do conservatorio?**

• N: a min en concreto si que me gustou bastante, estiven ademais cun amigo e axudeino. Si que o repetiría o curso que ven e recomendaríano a algún outro amigo e tamén a xente que ten tempo libre.

• M: tamén repetiría. O que máis me gustou foi a parte técnica, tipo catalogar, rexistrar, modificar... E tamén recomendaría a experiencia a xente que non coñeza moito a biblioteca, sobre todo a alumnos de 1º ou 2º de grao elemental para que saiban que poden estar nela.

• N: si porque a biblioteca pode ser un sitio para estar entre clases. Podes facer deberes ou quebracabezas, pintar, ás veces ver proxeccións ou simplemente descansar.

• **B: moitísimas grazas aos dous por dedicar este curso parte do voso tempo libre á biblioteca.**

Equipo de biblioteca 2023-24

[biblioteca.cmus.xanviano@edu.xunta.gal](mailto:biblioteca.cmus.xanviano@edu.xunta.gal)


[bibliotecajosefontenlaleal.blogspot.com](http://bibliotecajosefontenlaleal.blogspot.com)

@bibliotecajfl

# Día internacional da Gaita

O 10 de marzo, día tan sinalado para Ferrol, celébrase tamén o Día Internacional da Gaita. Este ano por iniciativa do EDLG tivemos a sorte de sumarnos a esta festa grazas ao noso profesor de gaita Pedro Fariñas que preparou este evento con todo o seu alumnado.

Dedicaron este día a Áurea Rodríguez, a Raíña da gaita, primeira gaiteira profesional da historia. Cun vídeo de homenaxe do noso alumnado de gaita a esta figura tan relevante e as súas interpretacións acompañados por Pedro ao piano, crearon unha atmófera incomparable que esperamos teña continuidade no futuro.






# As nosas compositoras

Este curso, no que homenaxeamos a Luisa Villalta con música e poesía, quixemos darlle continuidade tamén ao seu compromiso social e á súa loita polo empoderamento real. No noso caso puxemos o foco no labor das nosas intérpretes e compositoras, destacando o seu traballo e o que supuxo na historia da nosa música.

Coincidindo co 25N publicamos un vídeo visibilizando quenes son as intérpretes que dan nome ás nosas aulas, e tamén o 7 de marzo dedicamos un concerto ás compositoras galegas.

Dende o EDLG queremos agradecer especialmente a Ermitas García Ríos, Sofía Oriana Infante Souto e Julia Dopico Vale compartir tan xenerosamente a súa obra e permitir que o noso alumnado a interprete e a difunda.



**AS NOSAS COMPOSITORAS**

CONCERTO DE PIANO CON OBRAS DE ENGENHIA OSTERBERGER,  
MARÍA MENDOZA, ERMITAS GARCÍA, SOFÍA ORIANA INFANTE, JULIA DOPICO, ESTHER SOPRAL

XOVES 7 DE MARZO ÁS 18.30 NO AUDITORIO DO CPTUJ XAN VIAÑO

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

proxe.cta+

XAN VIAÑO



As nosas compositoras



# O Xan Viaño camiño da internacionalización

Internacionalizar un centro consiste en darlle visibilidade a nivel europeo por medio de proxectos de diferente índole. Durante o curso, traballamos arreo para intentar que ese soño se cumpra. Aínda que estamos á espera da resolución do comité do proxecto ERASMUS+ que presentamos, desde o noso centro fixemos un traballo espectacular para achegar as nosas ensinanzas aos diferentes espazos da nosa contorna. Que mellor que a nosa cidade, así como os concellos colindantes para que disfruten das actividades que aquí realizamos e conseguir que o CMUS Xan Viaño sexa un lugar de encontro e disfrute de todo aquel que se queira achegar a coñecernos. Para tal fin, difundimos un amplo abanico de actividades a esa parte da sociedade máis vulnerable que ten limitada a conexión coa música dun xeito directo e tamén a tódalas asociacións onde se nos invitou a interpretar a nosa música.

Tódolos departamentos do centro están unidos neste proxecto, xa que sen os compañeiros e compañeiras que forman parte deles nada disto sería posible, pero esquecín ás figuras máis importantes en todo este proceso que son as alumna e alumnos. Quero manifestar o meu maior agradecemento a todo o alumnado, así como ás súas familias que participan a diario en toda actividade que o centro lles propuso, facendo un gran esforzo por parte de todos e todas.

Ahora sí que a pirámide está completa xa que son elas e eles os imprescindibles na evolución do CMUS Profesional Xan Viaño.

Neste artigo centrareime principalmente nas actividades de difusión e promoción das ensinanzas artísticas promovidas polo Departamento de Conxunto, Música de Cámara, Orquestra, Banda e Coro.

Ao longo deste curso, visitamos moitos lugares que nos permitiron aprender moitísimo, no musical, no social e no cultural. Non deixaron de ser actividades recíprocas donde damos e recibimos e non hai maior satisfacción que a sensación dun traballo ben feito por tódalas partes implicadas.

Empezamos polo IES Carvalho Calero donde grupos de conxunto e música de cámara, interpretaron variadas pezas de diferentes estilos para todo o alumnado da ESO e de Bacharelato. Non éramos novos nesta actividade, xa que o curso pasado xa colaboramos con este centro e foi unha gran experiencia. Como somos centros asociados a comunicación entre nós é maravillosa. Grazas á directora do centro, Mónica Julías, polo bo trato e a super merenda que sempre nos teñen preparada.

A seguinte actividade desenvolveuse no CAMF, no Centro de Atención a persoas con dicapacidade física. Alí tivemos un cheo completo cun público moi agradecido da experiencia e de poder contar co centro para esta actividade. Recibimos agasallos moi apreciados e de seguro que voltaremos a compartir a nosa música con todos eles e elas.

Visitamos dúas residencias de maiores: Domus Vi Narón e Mi Casa en Ferrol. Sen lugar a dúbidas tocar nestes centros é moi importante para o alumnado e profesorado do conservatorio. Alí coñecemos de primeira man as necesidades que as persoas de avanzada idade precisan como socializar, gozar da música e darlle un respiro á soledade. Pensamos que verdadeiramente foi unha actividade moi gratificante.

A Banda de 1º- 2º G.P visitou o Centro Cívico de Caranza, un lugar moi dinámico que pretende ofrecer á veciñanza actividades culturais que favoreza a convivencia entre todos e todas.. A nosa banda tivo un gran éxito e saben que desde o conservatorio estamos dispostos a colaborar sempre que así o consideren.

Tamén en Innovart 24, evento organizado pola Consellería de Educación, Formación Profesional e Universidades tivemos a oportunidade de visibilizar todo o traballo do Departamento de Conxunto por medio da participación de grupos de conxunto e música de cámara, así como unha representación das agrupación máis numerosas como a Orquestra e a Banda.

Promover e difundir as ensinanzas artísticas do noso centro é un reto que entre todos e todas tratamos de facer para ser un conservatorio que está integrado na cidade e sobre todo accesible para todo o mundo. Como conclusión, e independentemente de que cheguemos a conseguir esa internacionalización que tanto ansiamos, todo o traballado este curso dará os seus resultados porque o CMUS Profesional Xan Viaño de Ferrol quere evolucionar e mostrar todo o seu gran potencial.

Grazas a todas e todos.

Mariola Gil Lago.

Coordinadora Erasmus+.

Xefa de Departamento de Conxunto, Música de Cámara, Orquestra, Banda e Coro.



# CENTRO CÍVICO DE CARANZA





# CARVALHO CALERO







# CARVALHO CALERO





# MI CASA





# Equipo de Actividades

Coñeces o equipo de dinamización de actividades do xan viaño?

No conservatorio de música Xan Viaño de Ferrol hai un equipo que funciona coma o mellor reloxo suízo que vos podades imaxinar e está integrado por músicos e docentes do propio centro. Neste pequeno recuncho da revista, queremos dar a coñecer a labor deste gran equipo e tamén explicar o que fai cada un de nós, para que nos coñezades mellor.

Encargámonos de xestionar, organizar e promocionar todas as actividades e actos que se fan tanto no centro como fóra del. Ao mesmo tempo, estamos coordinados con outros equipos como por exemplo o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, o Equipo de Convivencia e Benestar e tamén o Equipo TIC. O ingrediente principal para que todo isto funcione así de ben, e unha boa comunicación e traballo en equipo. Implicámonos ao 100% en que todo vaia o mellor posible e sempre nos axudamos uns aos outros para poder arranxar o que sexa.

Somos catro persoas as que integramos o Equipo de Dinamización de Actividades: Alma, Lorenzo, Joe e Soraya. Cada un de nós encárgase de diferentes aspectos:

- Alma, vicedirectora e tamén docente de piano, xestiona todas as actividades que se fan no centro e tamén a ocupación do salón de actos. Promociona as actividades nas redes sociais (Facebook e Instagram) e na páxina web. Coloca os carteis nos paneis da entrada e está en contacto coa prensa e fai de nexos con entidades externas. Encárgase do grupo de difusión que se creou entre os docentes para estar informados das actividades, encargándose de actualizalo todas as semanas. Tamén colabora nas actividades en xeral e ten moita enerxía e iniciativas que se contaxia no grupo.

- Lorenzo, docente de clarinete, unha vez que ten todos os datos e información das actividades, encárgase de organizala por semanas no calendario que aparece na pantalla da entrada. Xunto con Alma, xestiona a ocupación do salón do actos e actualiza a súa actividade na web. Tamén traballa e colabora conxuntamente con Javier Alama, que é o coordinador das TICs do centro, en canto ao almacenamento de todo o material audiovisual das actividades autorizadas para a súa gravación.

• Joe, docente de trombón e que tamén forma parte doutro grupos coma o de Dinamización da Lingua Galega e Convivencia de Benestar, fai de nexa entre eles axudando a levar a cabo os proxectos que se propoñen polos seus coordinadores. Sobre todo aqueles que potencian a nosa lingua. Así mesmo, fala con xente que coñece por se fai falla organizar algunha charla ou calquera outro evento.

• Soraya, docente de fruta travesa, encárgase do deseño e da realización dos carteis das actividades dos diversos actos que se celebran no centro. O xeito de facelo é por exemplo que aqueles que queren facer algunha audición ou concerto, póñense en contacto con ela ou con Alma por correo electrónico, e aportan todos os datos necesarios en canto a datas, horarios, nomes, etc., para poder facer os carteis e programas. Unha vez feitos os carteis, pásallos ao resto dos compañeiros para a súa difusión. Soraya tamén está en contacto cos diferentes grupos por se fai falla botar unha man e participa en calquera outro evento de xeito activo.

Polo tanto, aquí tedes un bo exemplo de traballo en equipo, entre equipos, e tamén de coordinación. Deste xeito, asegurámonos de que todo o que aconteza no conservatorio o poidamos compartir coa maior cantidade de persoas posibles.

Queremos darlle as grazas ao Equipo de Dinamización da Lingua Galega pola publicación deste artigo e a súa difusión na revista Falamus ! Apertas !!

Equipo de Dinamización de Actividades do CMUS Xan Viaño de Ferrol





# Instrumentos nas bandas deseñadas de astérix

Instrumentos musicais da antigüidade debuxados nas Aventuras de Astérix o Galo

Xa que o lema das bibliotecas escolares de Galicia este curso estivo dedicado á banda deseñada, no equipo de biblioteca decidimos adaptar e materializar nunha pequena exposición o traballo de Daniel A. Russell, profesor de acústica na Universidade de Pensilvania, sobre os instrumentos musicais da antigüidade debuxados nas Aventuras de Astérix o Galo 1. Nese traballo compáranse as ilustracións de Uderzo con instrumentos da época, empregados polos antigos romanos, gregos, exipcios e galos.

Desde o equipo de biblioteca queremos agradecer á Biblioteca Municipal de Narón o empréstimo de volumes das Aventuras de Astérix o Galo para complementar á nosa colección, e ao CIFP Ferrolterra polos Astérix, Obélix e Ideáfix que estiveron no noso vestíbulo namentres durou a exposición. Grazas tamén ao profesor de trombón Carlos Soto -o noso Asurancetúrix particular- e aos alumnos voluntarios en biblioteca, pola publicidade que fixeron.

Esperamos que vos gustara.

Equipo de biblioteca.







# Peque Coro con Moito Amor!

Despois da volta do Peque Coro o curso pasado despois de anos de parón, este ano tamén se presentaba difícil para o Peque Coro, mais unha vez máis a forza e ilusión dos pequecoristas demostrou unha vez máis que é imparabile!

En setembro chegaba o primeiro ensaio e desde ese primeiro momento houbo alegría, maxia e música. Pouco a pouco fóronse sumando novas voces que sumaban por tanto novas experiencias e enchían de ledicia o conservatorio.

Houbo tempo de ter unha sesión de ioga coa nosa querida profesora de violín Iria Rico, de presentar o CD que con tanto cariño nos grava cada ano o noso querido profesor de acordeón Suso Iglesias, de asistir á estrea da ópera La oca no Teatro Colón da Coruña, de participar nunha gala lírica no auditorio da nosa cidade antes de que chegase o primeiro concerto do Peque coro deste curso no Día da Paz. Presentaron un programa ao que lle deron por nome Peque coro canta con amor e, efectivamente, cantaron con todo o noso amor do mundo.

Houbo oportunidade tamén de compartir música e moito máis co alumnado do conservatorio de Culleredo, de viaxar a Valladolid e sobre todo de compartir tempo e música que tanto enriquece a todos e todas aqueles que forman parte deste proxecto.

E tantas e tantas actividades como a participación en No bico un cantar en Ribadavia, no Concertos das nosas Letras coas nosas Músicas, o concerto en Ares...

Este curso temos que despedir a cinco pequecoristas que xa rematan a súa andaina no Xan Viaño, Noa Cortizas Fernández, Claudia Zhu Díaz Casas, Alicia Dopico Caneiro, Lucía Pena González e Jaime Rodríguez Rico, que para sempre seguirán sendo pequecoristas e aos que lles desexamos o mellor na súa nova etapa.

Grazas a todos e todas os que formades parte deste ilusionante proxecto, porque en realidade o Peque Coro sempre cantou e seguirá cantando con amor.

Longa vida ao Peque Coro!



Peque Coro en Valladolid



Diante do Kiosko Alfonso





Peque Coro pola paz



Sesión de Ioga



# Xornada do Día das Letras Galegas 2024

O proxecto do EDLG deste curso A música da nosa poesía tivo o seu recoñecemento máis aló do noso centro xa que fomos convidados e pechar as Xornadas do Día das Letras Galegas deste ano, dedicadas a Luisa Villalta, celebradas no Pazo de San Roque o 27 de abril.


Cunha pequena presentación do noso proxecto, acompañados de Iria Rico que novamente compartiu as súas experiencias vividas xunto a Luisa Villalta cos asistentes, e ás composicións e recitados do noso alumnado completamos a nosa pequena homenaxe a Luisa Villalta.

Grazas a Anxo, Eyerus, Gabriela, Jimena e Omar, por desprazarse ata Santiago connosco, compartir o seu tempo, a súa música e a súa voz.





XAN VIAÑO



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,  
CIENCIA, UNIVERSIDADES E  
FORMACIÓN PROFESIONAL



Bibliotecas  
escolares  
de Galicia

